

OPTOTIPO de MADEIRA



Clasificación: Equipamento da "Casa do Médico"

Datación: 1950-1960

Material: Madeira, cristal, papel e instalación eléctrica

Medidas: 70 cm de alto, 80cm de ancho e 11cm de fondo

Firmas/Marcas: La Órbita Médica, Madrid

Uso/Función: O optotipo é un panel que contén letras, números, símbolos ou figuras de diferentes tamaños e que serve para determinar a **agudeza visual** do paciente segundo os elementos que sexa capaz de visualizar dende certa distancia.

A agudeza visual é a capacidade para identificar obxectos ou detalles dos mesmos con boas condicións de iluminación. Unha persoa pode ser capaz de ver unha letra pequena perfectamente, mentras que outra persoa á mesma distancia non é capaz de identificala. A primeira persoa ten maior agudeza visual cá segunda.